

COTIZACIONES SUBASTA DE GANDO DO DÍA 20/05/2008



Feira Internacional de Galicia

Silleda - Pontevedra

Tlfn 986-580050 / Fax 986-580162

BECERROS RECRÍA		TOTAL TRANSACCIONS	151,171
TOTAL ASISTENCIA	792		
TOTAL ADXUDICADOS	732		

RAZA FRISÓN	MACHOS	FEMIAS
BECERROS DE 0 A 20 DÍAS	91	94
BECERROS DE 21 A 50 DÍAS	102	162
BECERROS MÁIS DE 51 DÍAS	137	186

RAZA CRUCES INDUSTRIAL	MACHOS	FEMIAS
BECERROS DE 0 A 20 DÍAS	254	176
BECERROS DE 21 A 50 DÍAS	309	213
BECERROS MÁIS DE 51 DÍAS	368	288

RAZA RUBIA GALEGA	MACHOS	FEMIAS
BECERROS DE 0 A 25 DÍAS	*	*
BECERROS DE 26 A 50 DÍAS	327	405
BECERROS DE 51 A 120 DÍAS	485	426

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

VACUNO MAIOR		TOTAL TRANSACCIONS	292,224
TOTAL ASISTENCIA	417		
TOTAL ADXUDICADOS	391		

CATEGORÍA	PRECIO SEMANAL
VACAS CATEGORÍA EXTRA E - U	1,546
VACAS CATEGORÍA PRIMEIRA R	967
VACAS CATEGORÍA SEGUNDA O	559
VACAS CATEGORÍA DESFEITO P	250

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

BECERROS CARNICEIROS		TOTAL TRANSACCIONS	49,687
TOTAL ASISTENCIA	78		
TOTAL ADXUDICADOS	71		

PRECIOS KG/ VIVO	MACHOS	FEMIAS
RAZA FRISÓN	1.40	1.20
RAZA CRUCE INDUSTRIAL	2.20	2.15
RAZA RUBIA GALEGA	2.36	2.25

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

PORCINO CEBADO

EURO./KG. VIVO S/G	EUROS	
	KG.	DIF.
CARNICEIRO	1.430	+0,03
SELECTO	1.185	+0,03
NORMAL	1.160	+0,03
CASTRADO	1.285	+0,03
CANAL II	1.506	+0,038
DESVELLE	0,70/0,76	+0,02

Con prudencia e atraso, chega a agardada escalada estival: Despois do atípico mes de abril, con tres recortes consecutivos, e tras os fortes incrementos nas cotizacións no Norte de Europa, chega, cunha semana de atraso sobre o predicebel o agardado incremento nas cotizacións, incremento que non chega de momento para cubrir os custos de produción. E a pesares do incremento, tres variábeis fan ser especialmente prudentes ao sector: 1º A existencia dunha grande cantidade de carne conxelada no mercado, 2º os problemas que aínda se rexistran no mercado Portugués, e 3º a afección da desaceleración económica sobre o consumo.

Situación do mercado: Os pesos rexistran variacións á baixa, polo que se comeza a albiscar unha redución da oferta, redución estacionalmente normal. Con isto e ante as análises estatísticas interanuais, sería de prever que os prezos comezaran a rexistrar alzas substentábeis. Porén existen factores que limitarán de seguro a evolución normal das cotizacións; a máis que comentada depreciación do dólar fai que o mercado Europeo de Carne esté fortemente aprovisionado; e a afección da redución das cabanas gandeiras non é de todo clara. E isto, sumado ao período de desaceleración económica que de seguro terá efectos negativos sobre o consumo de carne fan ser cautos ao sector. E sen acadar de momento os custos de produción.

BACORIÑOS

BASE 20 KGS.	EUROS		
	KG.	UNIDADE	DIF
SELECTO	1.25	25.00	0,00
NORMAL	1.20	24.00	0,00

Mercado deprimido.
Cuarta semana con estabilidade nas cotizacións dos bacoriños, que polo baixo que son (despois das catro semanas de baixas de abril acumulou 17 € de baixas (-40,5%)) amosan un mercado claramente convulso e sen perspectivas de que troque a curto prazo, aínda que trocos significativos no cebo podería revivir o mercado.

Situación do mercado: As baixas consecutivas do cebo ao longo do mes de abril, confirmáronse como un lastre para o bacoriño, e aínda que oferta é curta, as gañas compradoras son menores. Neste contexto, terán que experimentarse trocos moi profundos na cotización do mercado do cebo (voltar a acadar marxes positivas de explotación) para que o mercado tome novamente vida.

O problema xa non é tanto de oferta e/ou demanda senón da desmotivación do cebadoiro o que bloquea dun xeito claro o mercado. Poucas operacións e con concesións; destácase asemade unha situación claramente distinta no norte de Europa onde os incrementos do cebo nas pasadas semanas alentou as expectativas e o volume das transaccións.

OVOS

CLASE	EUROS			
	BRANCOS	DIF.	MOUROS	DIF.
XL	1.46	+0,03	1.46	+0,03
L	1.14	0,00	1.14	0,00
M	1.02	0,00	1.02	0,00
S	0.81	0,00	0.81	0,00

Estabilidade na cotización agás no XL. Nunha época estacional na que as cotizacións dos ovos tenden a manterse máis o menos estábeis, a situación do mercado permanece descompensada. As gramaxes superiores van claramente á alza (escasa oferta), mentras que gramaxes máis pequenas non acaban de estabilizarse, pese a que as baixas nas cotizacións producidas en semanas anteriores deberían ter servido para reactivar a demanda e absorber a situación de sobranse. Mantéñense as previsións de estabilidade, aínda para as gramaxes inferiores haberá que agardar á evolución da oferta.

GALIÑAS DE DESVELLE

	EUROS	
	KG.	DIF
SEMIPEADAS 2,100 A 2,200 KGS	0,25/0,37	0,00

Nova estabilidade nas cotizacións das galiñas: O cambio no contexto estacional é xa claro e co actual nivel de cotizacións deixase claramente ao descuberto o desequilibrio existente entre a oferta (que se reduciu) e a demanda. Segue sorprendendo no presente ano; 1º os recortes producidos foron moi máis suaves que en anos precedentes; 2º As cotizacións son moi superiores á de anos precedentes: **+117% con respecto ao pasado ano.**

COELLO

	EUROS	
	KG.	DIF
GRANXA EN VIVO		
NOVO	1.69	0,00

Terceira semana con estabilidade nas cotizacións nun mercado caracterizado pola falta de Consumo. Como xa se ten refrexado en semanas precedentes a oferta (a nivel Estatal) baixou considerábelmente (a longa extensión da crise reduciu efectivos); Porén, o matadoiro que podería matar máis, ten problemas para colocar o produto. A oferta, presiona para que non diminúa o prezo (os custos de produción son moi elevados e non cubren). Mais se non troca esta situación prevese que as cotizacións vaian á baixa.